

Seminario: **INTEGRACIÓN DE REDES INARÁMICAS E CABLEADAS CON TECNOLOXÍA CISCO**

Data: **22 de maio (xoves), de 9:30 a 13:30 horas**

Organizado polo Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG) da Consellería de Traballo e Benestar o vindeiro xoves día 22 de maio, de 9:30 a 13:30 horas, terá lugar no salón de actos do CNTG un seminario técnico sobre integración de redes inarámicas e cableadas con tecnoloxía CISCO. O Concello de Pontedeume únese a esta charla por medio da videoconferencia.

O relator da xornada será Manuel Bustabad, colaborador habitual deste centro e formador de programa oficial Cisco Networking Academy dende o ano 2001, programa do que imparte cursos de CCNA Wireless, CCNA Routing & Switching, CCNP e CCNA Security. Posúe, entre outras, as certificacións CCNA Wireless, CCNA, CCNA Security e CCNP.

Obxectivos

O obxectivo deste seminario consiste en explicar e trasladar aos/ás asistentes as características da arquitectura CUWN (Cisco Unified Wireless Network) con puntos de acceso lixeiros e controladores inarámicos e a súa integración coas tecnoloxías máis habituais de rede conmutada: Ethernet e VLAN.

A xornada comezará describindo as características básicas dos estándares inarámicos 802.11. A seguir explicaranse os fundamentos da arquitectura baseada en WLC e LWAP con protocolo CAPWAP. Para rematar a primeira parte do acto falarase da integración desta tecnoloxía en redes conmutadas Ethernet divididas mediante VLAN baixo o estándar 802.1Q.

Na segunda parte da conferencia farase unha demostración de implementación dunha solución Cisco con arquitectura de puntos de acceso lixeiros (LWAP) e WLC con autenticación baseada en Active Directory e mediante servizos RADIUS e asignación dinámica de VLAN mediante directivas de autorización.

Esta seminario esta dirixido preferentemente a persoal técnico das áreas de informática, electrónica e telecomunicacións, incluíndose neste perfil a analistas e administradores de sistemas, operadores e administradores de redes, técnicos de operación e mantemento no ámbito das redes e sistemas e, en xeral, calquera estudante ou profesional da contorna TIC interesado na temática.

Impartición: Día 22 de maio de 9:30 a 13:30 horas

Duración: 4 horas

Temario

Integración de redes inarámicas e cableadas con tecnoloxía CISCO

- Fundamentos teóricos
 - Fundamentos de tecnoloxías 802.11
 - Singularidades da arquitectura CUWN con WLC e LWAP
 - Fundamentos da integración de tecnoloxías inarámicas con rede conmutadas e VLAN 802.11Q
- Implementación dunha solución inarámica integrada de acceso a rede conmutada con autenticación baseada en Active Directory e asignación dinámica de VLAN.

Beneficio: Certificado de asistencia.

Pódese anotar na páxina www.cemit.xunta.es ou chamando ó teléfono de Foremdes: 981 433 815.